

Convocatoria da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural para o día 20 de abril de 2022

De conformidade co acordado polo Pleno da Deputación Provincial na sesión extraordinaria de organización do 16 de xullo de 2019, durante o mandato 2019-2023 a Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural, debe realizar sesión ordinaria os mércores da semana anterior á realización do Pleno ordinario de cada mes.

Polo exposto, DISPOÑO:

Convocar a Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural en sesión **ordinaria**, para o **día 20 de abril de 2022**, ás 18.00 horas, no salón de sesións do Pazo Provincial, coa seguinte orde do día:

1. 2022/21M/CI NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL

Aprobación da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 16 de marzo de 2022.

2. 2022/1899T PRESIDENCIA

Expropiación forzosa para execución do proxecto de recuado de muro de peche na OU-0509 Luintra (OU-0508) - Esgos (OU-536)", pp.qq 10+278 - 10+372, necesario para a reposición de servizos afectados pola expropiación forzosa tramitada pola Deputación de Ourense para execución das obras de acondicionamento e mellora integral na OU-0509 Luintra - Esgos, entre os pp.qq 9+940 e 10+600, n.º 105/POS/2019 e n.º 105/POS/2021, no termo municipal de Esgos.

3. 2022/5504V NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL

Moción do Grupo Socialista para declarar as instalacións da antiga cooperativa de Leiro como patrimonio industrial de Galicia.

4. MOCIÓN DE URXENCIA.

5. ROGOS E PREGUNTAS.

Así o dispón e o asina a Presidencia da Comisión, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica deste documento. Dou fe.